

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PARLAMENTO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 26 de xuño de 2014 pola que se anuncia a licitación da contratación administrativa de servizos para a xestión da produción audiovisual deste parlamento.*

En cumprimento do disposto no artigo 142 do texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, publícase o anuncio de licitación da contratación para a xestión da produción audiovisual do Parlamento de Galicia.

1. Entidade adxudicadora.

a) Parlamento de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

c) Obtención de documentación e información.

1) Parlamento de Galicia (dispoñible no BOPG núm. 308, do 26 de xuño de 2014, e na páxina [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)).

2) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

3) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

4) Teléfono: 981 55 13 00.

5) Telefax: 981 55 14 09.

6) Correo electrónico: [contratacion@parlamentodegalicia.es](mailto:contratacion@parlamentodegalicia.es)

7) Enderezo da internet do perfil de contratante: [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)

8) Data límite de obtención de documentación e información: 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.



d) Número de expediente: STI-PA-4/2014.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: servizos.

b) Descrición: xestión da produción audiovisual.

c) División por lotes e número de lotes: non.

d) Lugar de execución:

1) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

2) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

e) Prazo de execución/entrega: un ano.

f) Admisión de prórroga: ata un máximo doutro ano máis.

g) CPV (referencia de nomenclatura): 92221000-6 Servizos de produción de televisión.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Criterios de adxudicación: criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: de 0 a 56 puntos; criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: de 0 a 44 puntos.

4. Valor estimado do contrato: 206.600,00 € (sen IVE).

5. Orzamento base de licitación:

a) Importe neto: 103.300,00 €. Importe total: 124.993,00 €.



## 6. Garantías.

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 5 % do prezo de adxudicación.

c) Complementaria: no caso de que o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa conforme os criterios de valoración, estando en baixa temeraria, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituír unha garantía polo importe do 5 % do prezo de adxudicación, IVE excluído.

## 7. Requisitos específicos do contratista.

Os dispostos nas cláusulas quinta e sexta do prego de cláusulas administrativas e nas correspondentes do prego de prescricións técnicas.

## 8. Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG. Se o último día da presentación fose un día festivo, ampliarase o prazo ata o día hábil seguinte.

### b) Lugar de presentación:

1) Dependencia: Rexistro do Parlamento de Galicia.

2) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

3) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

4) Enderezo electrónico: [contratacion@parlamentodegalicia.es](mailto:contratacion@parlamentodegalicia.es)

d) Admisión de variantes: non se admiten.

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: ata tres meses contados desde o remate do prazo para presentación de ofertas.

## 9. Apertura das ofertas.

a) Descrición: dúas sesións públicas, unha para sobres «B» e outra para sobres «C».



b) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

d) Data e hora: no día e hora que oportunamente se lles comunicarán aos licitadores e que se publicará no perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia.

10. Gastos de publicidade: serán por conta do adxudicatario.

11. Outras informacións: nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas publicados no BOPG núm. 308, do 26 de xuño de 2014, e na páxina:

[www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2014

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta do Parlamento de Galicia

CVE-DOG: kl6uhjk3-2nt4-p9b3-zzx4-wje3p3q9qrz7

